



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

OFICIALÍA MAIOR  
EUROPE DIRECT A CORUÑA

## **RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBAN AS BASES DA PARTICIPACIÓN NO ENCONTRO CLUBUE: XORNADAS DE INTERCAMBIO XUVENIL ENTRE MEMBROS DO CLUBUE DE EUROPE DIRECT A CORUÑA E DO CLUBUE DE EUROPE DIRECT ASTURIAS. EXPEDIENTE DE SUBTEL 2023000012889**

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

### **RESOLVO:**

Aprobar as bases de participación no Encontro ClubUE: Xornadas de intercambio xuvenil entre membros do ClubUE de Europe Direct A Coruña e do ClubUE de Europe Direct Asturias.

### **BASES DE PARTICIPACIÓN**

#### **I. Introducción**

Europe Direct A Coruña abre a convocatoria para participar no **#EncuentroClubUE**, as xornadas de intercambio xuvenil entre membros do ClubUE de Europe Direct A Coruña e do ClubUE de Europe Direct Asturias.

A través deste encontro presencial EUROPE DIRECT A Coruña quere contribuir a consolidar a comunidade ClubUE e promover o desenvolvemento de competencias técnicas e sociais no marco do Ano Europeo das Competencias.

#### **II. Descrición da actividade**

**#EncuentroClubUE** terá lugar do 19 ao 21 de xullo de 2023 e terá como sede o Pazo de Mariñán, onde se desenvolverá a maior parte do programa de actividades. Esta experiencia combina actividades de educación non formal (sesións informativas, debate europeo) e informal (xincanas europeas e intercambio de experiencias).



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

OFICIALÍA MAIOR  
EUROPE DIRECT A CORUÑA

**#EncuentroClubUE** permitirá o encontro de ata 20 mozos e mozas (10 do ClubUE de EUROPE DIRECT A Coruña e 10 do ClubUE de EUROPE DIRECT Asturias) durante tres xornadas nas que compartir espazos, formación e experiencias con outras mozas e mozos galegos e asturianos.

### III. Gastos cubertos

A participación no **#EncuentroClubUE** non conleva custos de matrícula para os participantes.

A organización asume os seguintes gastos:

- Aloxamento, en réxime individual para cada participante.
- Almorzos, comidas e ceas (agás a cea do 20 de xullo)
- Desprazamentos ata/desde a sede do encontro (Pazo Mariñán, CP-0804, 85, Bergondo, A Coruña) ata o punto de saída/retorno.
- Actividades formativas e de dinamización.

Os e as participantes asumen os gastos de desprazamento ata/desde o punto de saída/retorno, así como a mantención na tarde-noite do 20 de xullo.

### IV. Calendario

- Fase de inscrición: desde o 9 de maio ata o 22 de xuño de 2023.
- Comunicación de persoas seleccionadas: A partir do 16 de maio, comunicarase, mediante correo electrónico, a súa participación ás persoas solicitantes que cumpran os requisitos, por orde de inscrición ata esgotar as prazas.
- Data límite para a renuncia de praza: 3 de xullo de 2023.
- Data límite para a chamada á lista de agarda: 5 de xullo de 2023.
- Sesión preparatoria: semana do 10 de xullo de 2023.
- Datras do intercambio: Do 19 ao 21 de xullo de 2023.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

OFICIALÍA MAIOR  
EUROPE DIRECT A CORUÑA

## V. Candidaturas admisibles

Para que unha candidatura resulte admisible deberá cumprir cos seguintes requisitos:

1. Inscripción enviada dentro do prazo establecido.

2. Requisitos de participación:

2.1. Ter entre 18 e 26 anos de idade na data da presentación da solicitude de participación.

2.2. Residir ou ter nacido nun concello da provincia da Coruña no momento da inscrición (Véxase Base X para máis información).

2.3. Pertencer ou darse de alta no ClubUE.

2.4. Ter un perfil activo en Instagram cunha antigüidade<sup>1</sup> mínima de 3 meses no momento da inscrición.

## VI. Compromiso de participación

Os mozos e mozas que desexen participar no encontro adquiren os seguintes compromisos:

1. Involucrarse na organización co resto de participantes e asistir á sesión en liña preparatoria (Véxase Base XIV).

2. Acudir ao punto de saída (Pazo Provincial, Avda. Porto da Coruña, nº 2, A Coruña) na data e horario indicado pola organización.

3. Participar en todas as actividades previstas (Véxase Programa).

4. Difundir no seu perfil de Instagram a súa participación no evento, mencionando a Europe Direct A Coruña – Deputación da Coruña e Europe Direct Asturias co cancelo **#EncuentroClubUE**.

---

<sup>1</sup> Información dispoñible en Configuración/Seguridad/Datos e historial: Acceder a datos. De non ser posible acceder a esa información, solicitarase o envío da captura dunha publicación realizada, polo menos, tres meses antes da data de candidatura para o concurso.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

OFICIALÍA MAIOR  
EUROPE DIRECT A CORUÑA

5. Respetar o Código de Conduta nos espazos físicos e virtuais, antes e durante o **#EncuentroClubUE**. O Código de Conduta deberá ser asinado polos participantes no momento da súa incorporación ao encontro.

## VII. Prazo de inscrición

O prazo de inscrición comezará o día 9 de maio de 2023 e rematará o día 22 de xuño de 2023. Haberá 10 prazas dispoñibles para participar no encontro e xerarase unha lista de agarda con ata 15 suplentes.

Para participar no encontro as persoas interesadas que cumpran os requisitos de participación deberán manifestar o seu interese cumprimentando o formulario de solicitude que está dispoñible na seguinte páxina:

<https://www.dacoruna.gal/europedirect/europe-direct-coruna/agenda/2023/encuentroclubue/>

Para unha correcta inscrición, deberán achegar, ao formulario, os seguintes documentos de xustificación do cumprimento dos requisitos de participación:

- Copia do DNI por ambas caras para acreditar o cumprimento dos requisitos de participación.
- De ser o caso, xustificación documental de residencia. Poderá presentarse documentación que xustifique a vinculación laboral, académica ou de residencia na provincia da Coruña.
- Impresión/Captura de pantalla da información de conta de Instagram para acreditar a data de unión a Instagram cunha antigüidade mínima de 3 meses no momento da inscrición.

É responsabilidade da persoa que se presente á convocatoria enviar toda a documentación que se require neste punto das bases, polo que Europe Direct A Coruña non ten a obriga de solicitarlle unha corrección de erros. Non obstante e para facilitar á persoa solicitante o proceso, a organización solicitará, se é posible, documentación complementaria a través de correo electrónico.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

OFICIALÍA MAIOR  
EUROPE DIRECT A CORUÑA

As comunicacións coa organización realizaranse por escrito a través do correo electrónico [europedirect@dacoruna.gal](mailto:europedirect@dacoruna.gal). Puntualmente, a organización poderá realizar recordatorios a través de mensaxes directas de Instagram.

### VIII. Selección de participantes

Europe Direct A Coruña seleccionará un máximo de 10 mozas e mozos como participantes atendendo a un criterio cronolóxico (data de recepción do correo electrónico). De producirse situacións de coincidencia temporal no envío das solicitudes terase en conta a motivación exposta na solicitude como criterio de desempate.

As persoas seleccionadas deberán cumprir os requisitos e compromisos establecidos na Base VI.

### IX. Comunicación de resultados

A partir do 16 de maio de 2023 as persoas candidatas recibirán por correo electrónico unha comunicación onde se lles confirmará de forma individual:

- Se resultaron seleccionadas como participantes no **#EncuentroClubUE**.
- Se non resultaron seleccionadas pero foron incluídas na lista de agarda (Véxase Base XII).

### X. Aceptación da praza

As persoas seleccionadas confirmarán a aceptación da praza nun prazo de 48h a partir da comunicación da súa selección. En caso contrario, entenderase que renuncian á súa solicitude e a organización convocará ás persoas suplentes que figuren na lista de agarda.

A aceptación da praza realizarase respondendo ao correo electrónico de comunicación da concesión remitido por [europedirect@dacoruna.gal](mailto:europedirect@dacoruna.gal).

### XI. Renuncia á praza

A renuncia á praza despois da súa aceptación realizarase por escrito antes do 3 de xullo a través do correo electrónico [europedirect@dacoruna.gal](mailto:europedirect@dacoruna.gal), agás causas de forza maior (médicas ou similares) sobrevidas despois da data límite de renuncia.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

OFICIALÍA MAIOR  
EUROPE DIRECT A CORUÑA

## XII. Lista de agarda

Crearase unha lista de agarda con ata 15 persoas para cubrir eventuais renuncias. Convidarase por orde e a través de correo electrónico ás persoas incluídas na lista de agarda para cubrir posibles baixas. A persoa beneficiara confirmará a aceptación da praza nun prazo máximo de 24h a partir da comunicación da súa selección. En caso contrario, entenderase que renuncian á súa solicitude e a organización convocará á seguinte persoa suplente que figuren na lista de agarda.

O 5 de xullo de 2023 será a data límite para o chamamento ás persoas suplentes.

## XIII. Programa de actividades

O **#EncuentroClubUE** é un intercambio de mozos e mozas membros do ClubUE de A Coruña e do ClubUE Asturias que terá lugar do 19 ao 21 de xullo de 2023.

O **#EncuentroClubUE** é unha experiencia de aprendizaxe non formal e informal para o desenvolvemento de competencias técnicas e sociais no marco do Ano Europeo das Competencias.

O programa de actividades do **#EncuentroClubUE** combina actividades de formación (talleres formativos, sesións informativas, debate europeo) e de dinamización (xincanas europeas, intercambio de experiencias) nun entorno natural Reserva da Biosfera: o Pazo de Mariñán.

As actividades programadas promoverán o desenvolvemento de habilidades transversais (comunicación, traballo en equipo, pensamento crítico e resolución creativa de problemas) e de competencias para a vida (habilidades dixitais, creativas e de deseño de proxectos europeos de xuventude), en liña coa Axenda Europea de Capacidades.

Pode consultarse o programa actualizado na páxina web <https://www.dacoruna.gal/europedirect/europe-direct-coruna/agenda/2023/encuentroclubue/>

As persoas participantes recibirán un certificado acreditativo da súa participación no **#EncuentroClubUE**.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

OFICIALÍA MAIOR  
EUROPE DIRECT A CORUÑA

#### XIV. **Sesións en liña preparatorias**

A organización convocará unha sesión en liña na semana previa ao encontro (semana do 10 de xullo). Esta sesión preparatoria permitirá que participantes e organización teñan unha primeira toma de contacto. A sesión celebrárase ás 14:00 h cunha duración estimada de 45 minutos. O enlace de acceso á sesión en liña será remitido aos participantes a través de correo electrónico.

#### XV. **Publicacións**

As persoas participantes terán que publicar, como mínimo, unha story nos seus perfís de Instagram para difundir a súa participación no evento. Recoméndase a interacción co resto de participantes. Os/As participantes citarán/etiquetarán nas súas publicacións a @europedirectcoruna e @europedirectasturias e engadirán os cancelos #clubue #encuentroClubUE.

A organización non permitirá comentarios ou opinións, imaxes, vídeos ou materiais gráficos inadecuados que sexan ofensivos, injuriosos, discriminatorios ou que poidan vulnerar dereitos de terceiras persoas. Tampouco se permitirán publicacións que vulneren dereitos a honra, intimidade persoal e familiar ou á propia imaxe. As opinións e puntos de vista expresados polas persoas participantes só comprometen ao seu autor ou autora e non reflicten necesariamente os de Europe Direct A Coruña ou a Deputación da Coruña. Nin Europe Direct A Coruña nin a autoridade outorgante poden ser consideradas responsables deles. Ademais, os comentarios non poderán vulnerar as regras comunitarias de Instagram nin as súas Condicións de Uso.

#### XVI. **Exención de responsabilidade**

EUROPE DIRECT A Coruña – Deputación da Coruña non ofrecerá cobertura de seguro.

EUROPE DIRECT A Coruña – Deputación da Coruña non será responsable de ningún dano ocasionado ou sufrido por calquera das persoas participantes, incluídos os danos a terceiros ou causados por estes a consecuencia das actividades subvencionadas ou durante a súa execución.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

OFICIALÍA MAIOR  
EUROPE DIRECT A CORUÑA

EUROPE DIRECT A Coruña – Deputación da Coruña non será responsable de calquera dano material, non material ou físico que sufran as persoas participantes durante o **#EncuentroClubUE**.

#### XVII. **Lexislación aplicable**

O **#EncuentroClubUE** réxese polo disposto nas presentes Bases e, no non previsto nas mesmas, pola lexislación española vixente.

A participación no evento supón a aceptación expresa e total das presentes bases e a submisión expresa das decisións interpretativas que das mesmas efectúe Europe Direct A Coruña – Deputación da Coruña. Todos os conflitos que se susciten en aplicación das presentes bases e, no caso de diverxencia entre as persoas participantes e a interpretación das presentes bases por Europe Direct A Coruña – Deputación da Coruña, resolveranse polos Xulgados e Tribunais de A Coruña.

#### XVIII. **Protección de datos**

Os seguintes datos serán tratados pola Deputación da Coruña con dirección en Avenida Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña, para xestionar a actividade e dar publicidade á mesma en medios institucionais e/ou medios de comunicación: nome e apelidos, teléfono, correo electrónico, nome de usuario en Instagram, imaxe e voz.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais é o consentimento que o/a participante outorga á Deputación Provincial coa súa firma.

A organización non cederá datos a terceiros, salvo obriga legal. A Deputación conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coas finalidades para as que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar das finalidades expostas e do tratamento dos datos.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou en persoa nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Se





DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

OFICIALÍA MAIOR  
EUROPE DIRECT A CORUÑA

consideran que o presente tratamento incumpre o establecido no RGPD<sup>2</sup> poden presentar unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Para calquera outra dúbida relacionada coa protección de datos as persoas interesadas poden dirixir un correo a [delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal](mailto:delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal).

- **DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE**

Sesión en liña preparatoria: a sesión en liña realizarase a través dunha plataforma web facilitada por EUROPE DIRECT A Coruña ou por EUROPE DIRECT Asturias. Para estes efectos a entidade organizadora remitirá ligazón ao correo electrónico previsto para facilitar o acceso á sesión.

Será obrigatorio dispor de cámara web e micrófono para participar na sesión en liña, estes dispositivos activaranse e desactivaranse durante a sesión a pedimento da organización.

Actividades do #EncuentroClubUE: Realizaranse fotografías e vídeos (gravación de imaxe e voz) durante o evento ao efecto de dar publicidade á actividade nas plataformas de comunicación de Europe Direct A Coruña-Deputación da Coruña e de Europe Direct Asturias – Federación Asturiana de Concejos, respectando sempre o disposto na vixente normativa de protección de datos, así como o estipulado na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

O prazo da cesión dos dereitos de imaxe e voz será ata o 31 de decembro de 2028, de forma gratuíta e sen límite no seu ámbito territorial. A Deputación provincial da Coruña coidará de que a captación e a utilización das imaxes non atente contra a dignidade nin o dereito á honra das persoas, nin contra a moral e a orde pública, nos termos establecidos na lexislación vixente.

---

<sup>2</sup> REGULAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos)